

ORIENTACIÓNS PARA O TRABALLO:

Quenes tedes suspensas 1ª ou 2ª avaliación: facede antes as fichas de recuperación (no correo-e e despois videoconferencia); cando as rematedes, é recomendable que fagades actividades ...

Tempo de traballo recomendado: todas as actividades na 1ª semana (5-12 xuño); seguintes días para revisar posibles envíos ou tarefas non rematadas. ENVIÁDEAS ANTES DO 18 DE XUÑO.

DÚBIDAS: enviádemas por correo-e a bio1castrobaronceli@gmail.com ; tamén resolverémolas, e faremos parte das actividades, nas videoconferencias (1ºA: xoves ás 13:15 // 1ºB: mércores ás 13:15)

NON É NECESARIO IMPRIMIR ESTAS FICHAS: COPIADE ENUNCIADOS E RESPOSTAS NA LIBRETA

ACTIVIDADES SOBRE A TERRA NO UNIVERSO (tema 8)

Nos meses anteriores (con e sen clases) estudamos os 5 **Reinos** nos que clasificamos aos **seres vivos**.

Na anterior quincena achegámonos á **Ecoloxía**, que estuda os *ecosistemas*, onde vimos que os seres vivos estamos relacionados uns con outros e co noso medio.

Antes de rematar o curso, imos a “asomarnos” ao tema 8 e repasar a visión sobre a **Terra** e o seu lugar dentro do **Sistema Solar**, dentro desa enorme e sorprendente inmensidade que coñecemos como **Universo**. Continuaremos ampliando sobre este e outros temas nos seguintes cursos... **ÁNIMO** que xa case rematamos!

- 1) **O UNIVERSO.** A partir da figura inferior da páxina 141 do teu libro de texto, ordea de menor a maior tamaño os seguintes elementos:

GALAXIA – UNIVERSO – NEBULOSA – ESTRELA – CÚMULO DE GALAXIAS - NEBULOSA

- 2) **O SISTEMA SOLAR.** Consulta as páxs. 143-144 e responde:

a) Nomea por orde os **planetas rochosos** (ou interiores):

b) Nomea por orde os **planetas gasosos** (ou exteriores):

c) Pon nome aos planetas sinalados nesta representación do Sistema Solar:



d) Describe, de forma resumida por tí, que son:

➤ **Satélites:**

➤ **Planetas ananos:**

➤ **Asteroides:**

➤ **Cometas:**


3) **O PLANETA TERRA** (páxs.146-147):

a) Consulta a páx. 146 e completa a seguinte frase:

*“O planeta Terra está formado por varias partes: a (constitúe a maior parte, e está formada por capas de **rocha**); a (formada polo conxunto das **augas**); a (mestura de **gases** que forman o que chamamos aire); e a (conxunto de todos os **seres vivos** do planeta).”*

b) Consulta a páx.147 e tamén o vídeo breve do enlace, despois completa as palabras que faltan na seguinte representación dos movementos da Terra:

Vídeo: <https://youtu.be/6kBlgCozlQc>



c) Une con frechas:

Rotación terrestre

Ao tempo dunha volta completa arredor do seu eixe chamámolo día

A Terra trasládase arredor do Sol nunha órbita elíptica

Translación terrestre

O tempo dunha volta completa (día) ten 24 horas

O tempo dunha volta completa (ano) é de 365 días e 6 horas


4) **A TRANSLACIÓN DA TERRA E AS ESTACIÓNS.** Tras revisar o vídeo breve do enlace, e consultando a páx.149:

Vídeo: <https://youtu.be/6kBlgCozlQc>

a) Completa a seguinte frase:

*“As **estacións** do ano débense á combinación de dous factores: a
terrestre, e a do planeta, que fan que varíe a
forma na que*”

b) Completa a seguinte figura que representa a Terra en catro momentos diferentes na súa translación arredor do Sol (*solsticios e equinoccios*, cambios de estación):




5) **A LÚA.** Tras ver os seguintes vídeos breves, e consultando as páxs. 150-151, responde.

Vídeo 1 (fases lunares e eclipses): <https://youtu.be/MjJxaCBjUQ4>


Vídeo 2 (mareas): <https://youtu.be/aW78na9csRU>

a) Explica os dous movementos que fai a Lúa (*rotación e translación* da Lúa):

- b) Completa a seguinte figura cas **fases lunares**:



- c) Completa as seguintes figuras indicando cal se trata dun **eclipse de Sol** e cal dun **eclipse de Lúa**:



- d) Explica cas túas palabras a que son debidas as **mareas**, e cada cantas horas sube e baixa a marea nas costas.

- 6) **VOLUNTARIO: ESTRELAS E CONSTELACIÓNS**. Consultando a páx 153 do final do tema ("Manual de orientación"), e axudándote deste enlace e outros que tí queiras (<http://red-estelar.webcindario.com/Mapa-Celeste.html>), observa no ceo nocturno e debuxa algunhas das constelacións que podemos ver nestas noites de primavera (inclúe como mínimo a **Osa Maior** e preto dela a **Osa Menor**, esta segunda contén á **estrela polar**; outras constelacións máis ou menos próximas a elas son "**Bovero**", "**Virgo**", "**Leo**", "**Xéminis**" ...)